

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 4 DE XANEIRO DO ANO 2018

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 4 de xaneiro do ano 2018, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA (alcalde)

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

PATRICIA MARÍA BELLO RECOUSO

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑÓN

Excusa a súa asistencia:

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

ALBERTO FUENTES PREGO

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste a Interventora accidental Lucía Barreiro Angeriz

1.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE APROBACIÓN INICIAL DOS ORZAMENTOS MUNICIPAS PARA 2018

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa

PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE A LARACHA PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2018

Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2018, así como, as súas Bases de Execución e o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido dos informes da Interventora municipal

PROPOÑO AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente, de conformidade co establecido no artigo 112 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 168 do texto refundido, o Orzamento Xeral para o exercicio 2018, integrado polos Orzamentos do Concello, que presenta, como resumo por capítulos orzamentarios, expresados en euros, no seguinte desglose. Aprobar igualmente a relación de postos de traballo, o cadro de persoal e o réxime retributivo dos membros da Corporación.

ORZAMENTO XERAL 2018; ESTADO DE GASTOS		
CAPÍTULO		CRÉDITO
1	GASTOS DE PERSOAL	1.860.862,55
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	4.152.100,39
3	GASTOS FINANCEIROS	0,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	451.310,00
<i>Total Operacións Correntes</i>		<i>6.464.272,94</i>
6	INVESTIMENTOS REAIS	1.556.672,94
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<i>Total Operacións de Capital</i>		<i>1.556.672,94</i>
TOTAL		8.020.945,88

ORZAMENTO XERAL 2018; ESTADO DE INGRESOS		
CAPÍTULO		CRÉDITO
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.334.419,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	75.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.403.710,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.435.073,14
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	10.500,00
<i>Total Operacións Correntes</i>		<i>7.599.015,39</i>
6	INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	421.930,49

8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
	Total Operacións de Capital	421.930,49
	TOTAL	8.020.945,88

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral para el 2018 , as Bases de Execución e cadro de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, [órgano competente da Comunidade Autónoma].

Intervén o concelleiro Antonio Antelo e di que destaca o crecemento dos orzamentos. Di que non se vai oponer. Que lle parecen ben. Destaca as dúas prazas de policía que se van a cubrir.

Intervén n o concelleiro Eladio Verdía e di que felicita á Intervención municipal polos orzamentos. Di que destaca a memoria da alcaldía que entende tiña que ser un documento político. En relación ás liquidacións de 2016 e 2017 di que o 2016 pechouse cun 20% do orzamentado sen orzamentar. Respecto á liquidación de 2017 destaca que se pecha cun 1.000.000€ de remanente. En relación ao informe de Intervención destaca que se fala de recoñecemento extraxudiciais e cre que se exceden. Fala tamén da necesidade de cubrir os postos de policía

Intervén o concelleiro Xoán Sande Muñiz e di que en número globais hai un aumento respecto de 2017.

Di que incrementouse polo PAI e iso non lle parece mal. Que si non fora polo PAI o orzamento baixaría con respecto ás cifras do orzamento pasado. Que na recadación ve que baixaron as previsións de ingresos. Destaca que a única administración que aporta investimentos en transferencias é a Deputación.

Di que se incrementan os gastos correntes e destaca que se manteé a partida de 25000€ en gastos sociais. Destaca tamén varias partidas entre elas as de cultura que considera que están escasas de recursos.

Di que o goberno ten o maior número de dedicacións exclusivas da Costa da Morte, cun total de 5 e 2 asesores mais Xuntas de Goberno Local semanais que forma un total duns 200.000€ anuais en gastos.

Intervén o alcalde e di que o orzamento é algo vivo. Que este é o Orzamento inicial mais alto da historia deste concello.

Explica que se trae a estas alturas o orzamento de 2018 porque no último trimestre houbo un excesivo traballo de contratación das obras do remanente e da transferencia e que faltan as funcionarias de Intervención e de Tesourería. Di que en relación ao pago de provedores pagáronse neste último trimestre 1.500.000€

Di que se manteñen as mesmas cargas fiscais que permite a normativa.

O alcalde analiza tributo por tributo no que se refire ás estimacións de ingresos. Analiza tamén os gastos de persoal e os gastos en servizos sociais que determinados programas sociais suponen mais de 1.000.000€

Trata tamén o tema dos convenios e as aportacións con asociacións para as festas.

En relación co PAI di que é a única deuda que ten esta corporación pois non ten débedas con entidade bancaria.

Di que sumando todos os importes de actuacións entre o ultimo trimestre e o previsto, que estaremos en mais de 3.000.000€

Di o alcalde que parece que aos concelleiros da oposición dalles medo por razón políticas darle o visto bo a un documento que favorece a todos os vecinos da Laracha.

En relación ás reunións de Xunta de Goberno Local di o alcalde que non se convocan semanalmente. Que eses números que fixo o concelleiro Xoán sande non se corresponden coa realidade. Que as duas personas contratadas en calidade de asesores xustifican perfectamente a súa idoneidade. Que ademais estes nomeamentos están axustados á Lei.

En relación ao Capítulo VI do Orzamento incide o alcalde que vaise seguir comprando patrimonio histórico.

2º turno

Intervén o concelleiro do Grupo Mixto Antonio Antelo e defende a súa abstención no voto.

O concelleiro socialista Eladio Verdía non fai uso do seu segundo turno de intervención.

O concelleiro Xoán Sande do BNG di que votarán en contra do orzamento pero non porque lle dea vergonza apoialo senón polo exposto anteriormente na súa intervención.

Sométese a votación polo alcalde a proposta previamente ditaminada da Comisión Informativa relativa á aprobación inicial do Orzamento e resulta aprobada por 10 votos a favor (do PP) , 3 abstencións (2 do PSOE e 1 do Grupo Mixto) e 2 votos en contra (do BNG)

2 DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DO IBI

PROPOSTA DE ALCALDÍA

En relación co expediente de modificación da ordenanza fiscal número 15 do Concello da Laracha, pola Alcaldía, de conformidade co establecido do artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, o seguinte acordo:

- *Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal número 15 do Concello da Laracha. A modificación transcribíase como anexo.*

Ademais, dende esta alcaldía solicítase que por parte da intervención municipal sexa emitido o preceptivo informe.

Anexo

ORDENANZA FISCAL Nº 15: ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Modificar o artigo 3 da ordenanza, engadindo un punto 2.-, que quedará redactado como segue:

Artigo 3º.- Bonificacións.

1.- A tenor do disposto no artigo 74 do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, concederase unha bonificación na cota íntegra a favor dos suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa regulada na Lei 40/2003, de 18 de novembro e normas posteriores que a modifican e desenvolven. A bonificación será:

- do 75% para familias numerosas de categoría especial
- do 50% para familias numerosas de categoría xeral

Os interesados deberán presentar copia do título de familia numerosa nas oficinas municipais antes do 31 de decembro do ano anterior ó que se pretenda obter a bonificación

2.- Establecerase unha bonificación na cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulado no artigo 74.2 quáter do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. En relación con esta bonificación potestativa estableceranse os seguintes tramos:

- o 95% da cota pola creación de mais de 20 postos de traballo.
- o 75% da cota pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- o 50% da cota pola creación de ata 10 postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as.

Corresponde ao Pleno do Concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento das anteriores bonificacións.

Sométese a votación a proposta de alcaldía, previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, sen intervencións, e resulta aprobada por unanimidade dos asistentes

3 DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 20 REGULADORA DO IAE

PROPOSTA DE ALCALDÍA

En relación co expediente de modificación da ordenanza fiscal número 20 do Concello da Laracha, pola Alcaldía, de conformidade co establecido do artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, o seguinte acordo:

- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal número 20 do Concello da Laracha. A modificación transcribense como anexo.

Ademais, dende esta alcaldía solicítase que por parte da intervención municipal sexa emitido o preceptivo informe.

Anexo

ORDENANZA FISCAL Nº 20: IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Modificar o artigo 4 da ordenanza que quedará redactado como segue:

Artigo 4º - Exencións.

Están exentos do imposto:

- O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, así como os seus respectivos organismos autónomos de carácter administrativo.
- Os suxeitos pasivos aos que se lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.
- As entidades xestoras da Seguridade Social e de mutualidades e montepíos constituídos conforme ao previsto na Lei 33/1984 do 2 de agosto.
- Os organismos públicos de investigación e os establecementos de ensino en todos os seus graos costeados integramente con fondos do Estado, das comunidades autónomas, ou das entidades locais, ou por fundacións declaradas benéficas de utilidade pública, aínda que por excepción vendan no mesmo establecemento os produtos dos talleres dedicados a tal ensino, sempre que o importe desta venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ao sostemento do establecemento.
- As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos realicen, aínda que vendan os produtos dos talleres dedicados a tales fins, sempre que o importe de desta venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ao sostemento do establecemento.
- A Cruz Vermella Española.

Os beneficios regulados nas letras d) y e) do apartado anterior terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, por instancia de parte.

Os beneficios regulados na letra g) deberán solicitarse presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as.

Artigo 4B) Bonificacións

Terán unha bonificación os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulado no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais. Esta

medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. En relación con esta bonificación estableceranse os seguintes tramos:

- o 95% pola creación de mais de 20 postos de traballo.
- o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Sométese a votación a proposta de alcaldía, previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, sen intevencións, e resulta aprobada por unanimidade dos asistentes

4 DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 17 REGULADORA DO ICIO

PROPOSTA DE ALCALDÍA

En relación co expediente de modificación da ordenanza fiscal número 17 do Concello da Laracha, pola Alcaldía, de conformidade co establecido do artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, o seguinte acordo:

- *Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal número 17 do Concello da Laracha. A modificación transcribense como anexo.*

Ademais, dende esta alcaldía solicítase que por parte da intervención municipal sexa emitido o preceptivo informe.

Anexo

ORDENANZA FISCAL Nº 17: ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

Modificar o artigo 6 da ordenanza que quedará redactado como segue:

Artigo 6º. - Beneficios fiscais.

En aplicación do artigo 103.2. a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración, poderán beneficiarse das seguintes bonificacións na cota tributaria:

- *As promovidas polas administracións públicas para a implantación de servizos públicos ou servizos de interese comunitario, bonificación do 95%.*
- *As promovidas por entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e destinadas a fins ou actividades non lucrativas que complementen ou suplan os servizos de competencia municipal, bonificación do 75%.*
- c) *As de reparación ou conservación de inmobles declarados de interese cultural ou incluídos nun catálogo municipal como de protección urbanística integral, bonificación do 75%. Cando os bens catalogados gocen de protección non íntegra aplicarase a bonificación do 50%.*
- d) *A construción, rehabilitación ou reparación de vivendas promovidas por persoas en situación de emerxencia social, bonificación do 95%.*
- e) *Inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulado no artigo 74.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. En relación con esta bonificación estableceranse os seguintes tramos:*
 - *o 95% pola creación de mais de 20 postos de traballo.*
 - *o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.*
 - *o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as dentro do prazo de 15 días dende o otorgamento da licenza de primeira ocupación. No momento da solicitude da Licenza adxuntarase un compromiso de creación do número de postos de nova creación que vaia a xenerar.

Corresponde ao Pleno do Concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o otorgamento das anteriores bonificacións.

Sométese a votación a proposta de alcaldía, previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, sen intervencións, e resulta aprobada por unanimidade dos asistentes

5 DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº2. DE - TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS, PERMISOS E DEMAIS AUTORIZACIÓNS EN MATERIA URBANÍSTICA.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

En relación co expediente de modificación da ordenanza fiscal número 2 do Concello da Laracha, pola Alcaldía, de conformidade co establecido do artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das

Facendas Locais, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, o seguinte acordo:

- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal número 2 do Concello da Laracha. A modificación transcríbense como anexo.

Ademais, dende esta alcaldía solicítase que por parte da intervención municipal sexa emitido o preceptivo informe.

Anexo

ORDENANZA FISCAL Nº 2, REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS, PERMISOS E DEMAIS AUTORIZACIÓNS EN MATERIA URBANÍSTICA:

Introducir un novo artigo a a ordenanza o artigo 8B) , que quedará redactado como segue:

Artigo 8B) .- Suposto de non Suxeición .

1. Se estable a non suxeición desta taxa aos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a unha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3. Os beneficiarios deberán aportar as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as.

Os beneficiarios deberán presentar as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as nun prazo máximo de 15 días dende o otorgamento da licenza de primeira ocupación. Tendo que presentar no momento da solicitude da Licenza un compromiso firme do número de postos de traballo novos previstos.

Sométese a votación a proposta de alcaldía, previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, sen intevencións, e resulta aprobada por unanimidade dos asistentes

6 DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3 DE TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN DE EDIFICIOS E CAMBIOS DE USO.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

En relación co expediente de modificación da ordenanza fiscal número 3 do Concello da Laracha, pola Alcaldía, de conformidade co establecido do artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, o seguinte acordo:

- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal número 3 do Concello da Laracha. A modificación transcríbense como anexo.

Ademais, dende esta alcaldía solicítase que por parte da intervención municipal sexa emitido o preceptivo informe.

Anexo

ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN DE EDIFICIOS E CAMBIOS DE USO:

Introducir o seguinte artigo:

Artigo 8B) .- Suposto de non Suxeición .

2. Se estable a non suxeición desta taxa aos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a unha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3. Os beneficiarios deberán aportar as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as.

Os beneficiarios deberán presentar as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as nun prazo máximo de 15 días dende o otorgamento da licenza de primeira ocupación. Tendo que presentar no momento da solicitude da Licenza un compromiso firme do número de postos de traballo novos previstos.

Sométese a votación a proposta de alcaldía, previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, sen intevencións, e resulta aprobada por unanimidade dos asistentes

7 DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº4.- TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS OU DE ACTIVIDADES.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

En relación co expediente de modificación da ordenanza fiscal número 4 do Concello da Laracha, pola Alcaldía, de conformidade co establecido do artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, o seguinte acordo:

- *Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal número 4 do Concello da Laracha. A modificación transcríbense como anexo.*

Ademais, dende esta alcaldía solicítase que por parte da intervención municipal sexa emitido o preceptivo informe.

Anexo

– **ORDENANZA FISCAL Nº 4: ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS OU DE ACTIVIDADES.:**

Introducir un novo artigo a a ordenanza o artigo 8B) , que quedará redactado como segue:

Artigo 8B) .- Suposto de non Suxeición .

3. *Se estable a non suxeición desta taxa aos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a unha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3. Os beneficiarios deberán aportar as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as.*

Sométese a votación a proposta de alcaldía, previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, sen intervencións, e resulta aprobada por unanimidade dos asistentes

Non habendo mais asuntos que tratar remata a sesión sendo as 14:26h